

INSTRUCCIÓN CONXUNTA 3/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E DA AXENCIA DO COÑECEMENTO EN SAÚDE SOBRE DETERMINADAS MEDIDAS A LEVAR A CABO EN PRÁCTICAS DE CICLOS FORMATIVOS, PREGRAO E MÁSTER, FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA E FORMACIÓN CONTINUÁ COMO CONSECUENCIA DA CRISE SANITARIA ORIXINADA POLO CORONAVIRUS SARS-CoV-2

A Resolución Conxunta da Xerencia do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e da Axencia do Coñecemento en Saúde (ACIS) do día 12 de marzo de 2020 establecía determinadas medidas a levar a cabo en prácticas de ciclos formativos, pregrao e máster, formación sanitaria especializada e formación continuá como consecuencia da crise sanitaria orixinada pola COVID-19.

A Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, no seu punto primeiro letra e), suspende durante 14 días as prácticas que se realizan en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia nos graos de Ciencias da Saúde ou doutras titulacións e ciclos formativos. Inclúense nesta apartado as prácticas dos ciclos formativos de Formación Profesional.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 declarouse a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activouse o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego).

Posteriormente, o Goberno de España decretou en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (*Real decreto 463/2020, do 14 de marzo modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo*) prorrogado polo Congreso dos Deputados en sucesivas ocasións. Neste real decreto contemplábase unha serie de medidas dirixidas a protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. Entre estas medidas no seu *Artigo 9 . Medidas de contención no ámbito educativo e de formación*, suspéndese a actividade educativa presencial en todos os centros, etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensinanza, incluída a ensinanza universitaria así como as outras actividades educativas ou de formación impartidas en centros públicos ou privados. Durante o período de suspensión manteranse as actividades educativas a través das modalidades a distancia e online, sempre que sexa posible.

O Ministerio de Sanidade, na súa *Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, estableceu determinadas medidas especiais en materia de recursos humanos para reforzar o Sistema Nacional

de Saúde. No punto segundo da devandita orde alúdese as varias medidas en relación aos profesionais sanitarios en formación (residentes) que foron modificadas coa publicación da *Orde SND/299/2020, do 27 de marzo*.

Debido a estes cambios normativos e as prórrogas do estado de alarma actualizáronse as medidas da *Resolución conxunta do día 12 de marzo de 2020*, nunha nova *Instrución conxunta 2/2020 do 31 de marzo da Xerencia do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e da Axencia do Coñecemento en Saúde (ACIS)*.

Con posterioridade publicouse a *Orde SND/319/2020, do 1 de abril* que veu a modificar, de novo, o punto segundo da *Orde SND/232/2020, do 15 de marzo*.

Tendo en conta as distintas modificacións realizadas no apartado segundo da *Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*, e a necesidade de continuar coa realización dalgunhas rotacións previstas e evitar prexuízos na formación dos residentes e por razóns organizativas, compre reiniciar as rotacións para os períodos xa previstos nos vindeiros meses e futuros períodos.

Así mesmo, as medidas contempladas na *Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade*, entre elas a do punto primeiro letra e) foron ratificadas e seguirán vixentes mentres non se opoñan ao estado de alarma tal e como dispón a *Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), do 30 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19* ou exista un acordo polo que se levante esta suspensión.

Por último coa *Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición a unha nova normalidade*, comeza a aplicación do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril de 2020.

Por todo o anterior, e tendo en conta toda a normativa autonómica e nacional que se orixinou con posterioridade á *Instrución Conxunta 2/2020 do 12 de marzo de 2020* compre substituíla e ditar as seguintes



INSTRUCCIÓN

Primeira. Competencia

A Axencia do Coñecemento en Saúde (ACIS) ten as competencias de coordinación, desenvolvemento e exercicio das funcións relacionadas coas prácticas de ciclos formativos, prácticas pregrao e máster, formación sanitaria especializada e formación continua que se desenvolvan nos centros da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde.

Segunda. Prácticas de ciclos formativos, pregrao e máster

a) Prácticas de ciclos formativos e prácticas de pregrao e de máster de universidades pertencentes ao sistema universitario galego.

Seguen en suspenso as prácticas presenciais que se realicen en calquera centro sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, mentres siga vixente o punto primeiro letra e) da *Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade*.

En todo caso, teranse en conta as indicacións das autoridades sanitarias e educativas para o restablecemento presencial destas prácticas. Unha vez se levante esta suspensión, o alumnado deberá poñerse en contacto cos centros/unidades/servizos de destino para confirmar que efectivamente se poden levar a cabo as prácticas nas datas autorizadas.

b) Prácticas de pregrao de universidades non pertencentes ao sistema universitario galego.

Seguen en suspenso todas as prácticas presenciais de pregrao de universidades non pertencentes ao sistema universitario galego nos centros de Galicia adscritos á Consellería de Sanidade ou ao Servizo Galego de Saúde tanto as reguladas por convenios de colaboración como as de carácter ocasional reguladas pola *Orde do 13 de novembro de 2007 polo que se establece o procedemento para a tramitación e xestión das solicitudes de formación práctica de alumnos/as de universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia* mentres siga vixente o punto primeiro letra e) da *Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade*.

Unha vez se levante esta suspensión, o alumnado:

1. Con prácticas xa autorizadas por ACIS deberá poñerse en contacto cos centros/unidades/servizos de destino para confirmar que efectivamente se poden levar a cabo as prácticas nas datas autorizadas. No caso de que non se poidan realizar ou de que exista unha posibilidade de aprazamento das datas a persoa interesada deberá comunicalo ao Servizo de Docencia da ACIS para emitir, neste último caso, unha nova resolución de autorización.



2. Con prácticas pendentes de resolución de autorización por parte de ACIS, o alumnado deberá confirmar que segue interesado na súa realización nas datas establecidas na primeira solicitude, cando sexa posible, ou ben noutras datas. De non ter esta confirmación, entenderase que desiste da súa solicitude.

Terceiro. Formación sanitaria especializada

Rotacións de residentes

A partir do 1 de xuño de 2020 a realización das rotacións (internas e externas) con centro de destino e/ou centro de orixe os centros da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, poderán reiniciarse se cumpren as seguintes condicións:

1. As rotacións internas poderán reiniciarse se as unidades de orixe e de destino non determinan o contrario.
2. As rotacións externas xa autorizadas por ACIS con data de inicio nos meses de xuño, xullo e agosto, poderán iniciarse se se confirma que se van a desenvolver nos termos nos que foron autorizadas (datas, centros de destino, etc). No caso de que a rotación non se poida realizar nestes termos iniciais e se quixera modificar, presentárase unha nova solicitude e emitirase unha nova resolución de autorización.
3. As rotacións externas solicitadas pendentes de resolución de autorización por parte de ACIS, con data de inicio nos meses de xuño, xullo e agosto, poderán autorizarse se se confirma que se van a desenvolver nos termos nos que foron solicitadas (datas, centros de destino, etc). No caso de que a rotación non se poida realizar nestes termos iniciais e se quixera modificar, presentárase unha nova solicitude da mesma. De non ter esta confirmación, entenderase que se desiste da solicitude.

Para levar a cabo esta confirmación do inicio das rotacións externas, as comisións de docencia deberán enviar ao Servizo de Docencia de ACIS, de forma mensual e con, polo menos, dez días de antelación ao día 1 do mes do inicio das mesmas, un resúmen segundo o *anexo I* desta instrución. Este envío deberá realizarse por correo electrónico a docencia.acis@sergas.es durante os meses de xuño, xullo e agosto.

Cuarto. Estancias formativas de estranxeiros en España

Todas as estancias formativas de estranxeiros en centros de Galicia dependentes da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde seguen suspendidas durante o mes de xuño de 2020. No caso das estancias formativas autorizadas polo Ministerio de Sanidade iniciadas ou pendentes de incorporación, as persoas afectadas deberán notificar esta circunstancia a estanciasformativas@mscbs.es.

As estancias formativas para o segundo semestre do 2020, están paralizadas polo Ministerio de Sanidade por motivos de avaliación do procedemento actual.



Quinto. Formación continua

Suspéndense todos os cursos presenciais que se realicen en calquera centro sanitario de Galicia mentres estea decretado o estado de alarma e, en todo caso, durante todo o mes de maio e xuño de 2020. Así mesmo, analizarase de forma individual, a posibilidade de empregar medios telemáticos que permitan transformar cursos presenciais en “cursos presenciais por videoconferencia”. No que se refire aos cursos mixtos, sempre que sexa posible, pasarán á modalidade de teleformación.

Sexto. Temporalidade

As medidas da presente instrución son provisionais e poden ser modificadas segundo evolucione a crise sanitaria orixinada polo coronavirus SARS-CoV-2 (COVID-19) e/ou pola normativa autonómica ou nacional que lle sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, na data que se indica na sinatura dixital.

O xerente do Servizo Galego de Saúde A xerente da Axencia de Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández

Beatriz Allegue Requeijo

Campa-García Bernardo



